

IV

Vida oficial da RAG (ano 2007)

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA

NECROLÓXICA



A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2007)

Directiva da Real Academia Galega

Desde o 17 de decembro de 2005, a Executiva da RAG está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
- Secretario: D. Manuel González González.
- Vicesecretario: D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
- Arquivoiro-Bibliotecario: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo.
- Tesoureiro: D. Andrés Fernández-Albalat Lois.

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández del Riego. Ingreso: 26 de novembro de 1960.
2. Excmo. Sr. D. Antonio Gil Merino. Ingreso: 13 de decembro de 1975.
Faleceu o 18 de outubro de 2009.
3. Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Araúxo Iglesias. Ingreso: 27 de maio de 1980.
Faleceu o 22 de xullo de 2007.
4. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
5. Excmo. Sr. D. Constantino García González. Ingreso: 12 de marzo de 1982.
Faleceu o 23 de outubro de 2008.
6. Excmo. Sr. D. Francisco Xabier Río Barxa. Ingreso: 25 de xuño de 1983.
7. Excma. Sra. Dna. Olga Gallego Domínguez. Ingreso: 15 de novembro de 1986.
8. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
9. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui. Ingreso: 25 de novembro de 1992.
10. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
11. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
12. Excma. Sra. Dna. Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
13. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
14. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
15. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández. Ingreso: 24 de outubro de 1998.
16. Excmo. Sr. D. Xaime Illa Couto. Ingreso: 29 de xaneiro de 1999.
17. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
18. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
19. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
20. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
21. Excma. Sra. Dna. Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
22. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
23. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
24. Excmo. Sr. D. Camilo González Suárez-Llanos. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
Faleceu o 9 de novembro de 2008.
25. Excma. Sra. Dna. Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
26. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
27. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
28. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yáñez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
29. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.

Relación dos actuais académicos correspondentes:

1. Ilmo. Sr. D. Francisco Mayán Fernández. Ingreso: 16 de xaneiro de 1944.
2. Ilmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
3. Ilmo. Sr. D. Benito Varela Jácome. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
4. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
5. Ilmo. Sr. D. Carlos Pereira Amil. Ingreso: 4 de maio de 1952.
6. Ilmo. Sr. D. Manuel Lucas Álvarez. Ingreso: 4 de marzo de 1955.
7. Ilmo. Sr. D. Manuel Fernández Rodríguez. Ingreso: 25 de marzo de 1956.
8. Ilmo. Sr. D. Baldomero Cores Trasmonte. Ingreso: 5 de xuño de 1958.
9. Ilmo. Sr. D. Luís Santiago Sanz. Ingreso: 1 de marzo de 1960. Faleceu no ano 2007.
10. Ilmo. Sr. D. Antonio Iglesias Álvarez. Ingreso: 23 de abril de 1961.
11. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
12. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
13. Ilmo. Sr. D. Alejandro Campos Ramírez, “Alejandro Finisterre”. Ingreso: 17 de decembro de 1967. Faleceu o 9 de febreiro de 2007.
14. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
15. Ilmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 26 de xaneiro de 1969.
16. Ilmo. Sr. D. Francisco Guitián Ojea. Ingreso: 19 de abril de 1970.
17. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
18. Ilmo. Sr. D. Carlos A. Zubillaga. Ingreso: 25 de outubro de 1970.
19. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
20. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
21. Ilmo. Sr. D. Manuel Cecilio Díaz Díaz. Ingreso: 17 de decembro de 1972. Faleceu o 4 de febreiro de 2008.
22. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
23. Ilmo. Sr. D. Manuel Remuñán Ferro. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
24. Ilmo. Sr. D. Ramiro Fonte Crespo. Ingreso: 17 de xuño de 1995. Faleceu o 11 de outubro de 2008.
25. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
26. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
27. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
28. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
29. Ilmo. Sr. D. Santiago Daviña Sáinz. Ingreso: 9 de febreiro de 2002. Faleceu o 5 de decembro de 2007.
30. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
31. Ilma. Sra. Dna. Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
32. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
33. Ilmo. Sr. D. Ramón Lugrís Pérez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
34. Ilmo. Sr. D. Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Ingreso: 22 de xuño de 2002. Faleceu o 4 de xaneiro de 2010.
35. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
36. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
37. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
38. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
39. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.

40. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
41. Ilmo. Sr. D. Benigno Fausto Galdo Fernández. Ingreso: 12 de xullo de 2003.
42. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
43. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
44. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
45. Ilma. Sra. Dna. María Dolores Sánchez Palomino. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
46. Ilmo. Sr. D. Marcos Valcárcel López. Ingreso: 19 de xuño de 2004.
47. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
48. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
49. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
50. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
51. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
52. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
53. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
54. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
55. Ilmo. Sr. D. Nicandro Ares Vázquez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
56. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
57. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.

Relación dos actuais académicos de honra:

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutterford. Electo: 30 de xuño de 2007.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2007)

XUNTAS CELEBRADAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria nas seguintes datas:

- Xunta ordinaria: 13 de xaneiro de 2007
- Xunta ordinaria: 28 de abril de 2007
- Xunta extraordinaria: 17 de maio de 2007 (Día das Letras Galegas)
- Xunta ordinaria: 30 de xuño de 2007
- Xunta ordinaria: 28 de setembro de 2007
- Xunta ordinaria: 22 de decembro de 2007

A Comisión Executiva da Real Academia Galega, reuniuse nas seguintes datas:

- Xunta de goberno: 3 de xaneiro de 2007
- Xunta de goberno: 8 de febreiro de 2007
- Xunta de goberno: 2 de marzo de 2007
- Xunta de goberno: 12 de marzo de 2007
- Xunta de goberno: 19 de abril de 2007
- Xunta de goberno: 3 de maio de 2007
- Xunta de goberno: 29 de maio de 2007
- Xunta de goberno: 21 de xuño de 2007
- Xunta de goberno: 5 de xullo de 2007
- Xunta de goberno: 13 de setembro de 2007
- Xunta de goberno: 25 de setembro de 2007
- Xunta de goberno: 22 de outubro de 2007
- Xunta de goberno: 27 de novembro de 2007

INGRESO DE ACADÉMICOS

De honra

Non ingresou ningún académico de honra.

Numerarios

Non ingresou ningún académico de número.

Correspondentes

- | | |
|--|--|
| — Ilmo. Sr. D. Craig Patterson
Ingreso: 13 de xaneiro de 2007 | — Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá
Ingreso: 28 de abril de 2007 |
|--|--|

IN MEMORIAM

A Real Academia Galega quere lembrar con afecto a **Xosé Luís Martínez Allege “Chelís”**, traballador do Seminario de Lexicografía desta Institución, que faleceu na Coruña o día 18 de marzo de 2007.

Amaches fondamente Galicia, a súa lingua e a súa natureza

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2007



María Mariño Carou

O Día das Letras Galegas foi dedicado á ilustre escritora e poetisa galega María Mariño Carou (1907-1967). Os actos conmemorativos transcorreron no concello de Folgoso do Caurel (Lugo), na antiga escola de Seoane.

Orde dos actos

11:30 horas

Ofrenda floral e recital poético no cemiterio parroquial de San Xoán de Seoane.

12:30 horas

Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega na antiga escola de Seoane, coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

D. Darío Xohán Cabana Yanes

Dna. Rosario Álvarez Blanco

D. Xosé Luís Méndez Ferrín

Peche do acto polo Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández



A Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas á poetisa María Mariño Carou, nacida en Noia en 1907, cunha obra inspirada na tradición popular e de difícil acceso para o gran público. Foi pouco tempo á escola, xa que as dificultades económicas obrigaron a familia a trasladarse a Boiro, onde coñeceu ao que foi o seu marido, Roberto Posse, con quen se instalou en Parada do Courel en 1947.

En 1963 editou o seu primeiro e único libro publicado en vida: *Palabra no tempo*, que foi prologado por Ramón Otero Pedrayo e ilustrado por Reimundo Patiño. Nesta época, María Mariño relacionouse con personaxes do mundo literario galego como Manuel María, Uxío Novoneyra, Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro, entre outros.

Verba que comeza, a súa obra póstuma, mostra a angustia da poetisa ante a inminencia da morte, escribiu estes versos cando enfermou de leucemia. María Mariño morría en Parada do Courel en maio de 1967, só dous meses despois de finalizar o poemario.

SECCIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

I. Sección de Lingua: componse dos seguintes seminarios:

- **Seminario de Lexicografía** creado en 1983.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

1. *Diccionario da Real Academia Galega*

Neste período do ano 2007 realizáronse para a nova edición do Diccionario da Real Academia Galega os seguintes traballos:

- a) Introducíronse as variantes en –bel de todos os adxectivos acabados en –ble, para adaptar o traballo realizado ás distintas posibilidades que ofrece a actual normativa lingüística. Do tipo seguinte:

abarcábel *adx.* (*pl. abarcábeis*) Abarcable. *Este carballo ten o tronco tan fino que resulta facilmente abarcábel. A paisaxe é vasta, mais abarcábel desde o alto do monte. Penso que as tarefas que che encomendei seranche sen dúbida abarcábeis.*

accesíbel *adx.* (*pl. accesíbeis*) Accesible. *O lugar por onde cruzaron non era moi accesíbel. A información da base de datos está organizada de maneira que sexa facilmente accesíbel. Estivo moi accesíbel con todos nós. Comeron un prato de prezo accesíbel.*

- b) Ampliouse o número de acepcións dunhas 600 entradas para manter o paralelismo no tratamento coas entradas novas, e con outras entradas revisadas anteriormente.

- c) Modificouse a redacción dunhas 950 acepcións para facelas máis precisas e máis naturais, tendo en conta a posibilidade que nos ofrece o poder dispoñer dun léxico máis variado, ao se incrementar o número de entradas e o número de acepcións de cada entrada.
- d) Produciuse unha redistribución de acepcións entre voces emparentadas ou entre variantes alotrópicas, que estaban mal asignadas. Por exemplo, na entrada **padrón**, con respecto á entrada **patrón**:
padrón *s.m.* (*f. padroa*) **1.** Persoa máis vella dunha familia. O *padrón gozaba do respecto de todos os seus fillos. // m.* **2.** Lista oficial cos nomes dos habitantes dunha poboación. *Se cambiamos de residencia, temos que darnos de baixa no padrón.* **3.** Modelo a partir do que se fan cousas semellantes. O *xastre tomoulle as medidas e despois fíxolle o padrón do pantalón.* **4.** Aquilo que se toma como modelo para medir ou avaliar algo. *Axustáronse todo o que puideron ás características do padrón para que os resultados fosen bos.* **5.** Planta na que se fai un enxerto. *Unha maceira brava pode servir de padrón.* *SIN. portaenxertos.* **6.** *Econ.* Metal a partir do que se establece o valor dunha moeda. *Padrón ouro.*
- e) Actualizouse a indicación dos SINÓNIMOS, ANTÓNIMOS e FORMAS COMPLEMENTARIAS, de acordo coa incorporación de novas entradas, de novas acepcións, e tendo en conta a nova distribución de acepcións. Por ex.:
paduán -ana *adx.* **1.** De modos rústicos, pouco refinado ou delicado. *Ai, que paduán es, meu neniño! Tamén s. Non quero ver eses paduáns por aquí.* *SIN. badoco, paifoco, pailán, pailaroco, paiolo.* **2.** Que non é moi listo ou que non ten malicia. *Non sei como anda con ese mozo tan paduán.* *Tamén s. Sodes uns paduáns e engánvos calquera.* *SIN. apaiolado, paiolo, papán, parvo, paspán.* **3.** *Lacazán. Non te xuntes con ese paduán, que non fas nada en todo o día.*
- f) Pasóuselle a un grupo de especialistas, para a súa revisión e corrección desde o punto de vista conceptual, un grupo de entradas de carácter científico e técnico.
- g) Espérase poder enviar o dicionario para a imprenta a finais do mes de marzo, unha vez rematada a revisión que se lle está dando, e despois de introducir as suxestións realizadas polos especialistas das palabras referidas a campos de especialidade.

2. Baleirado do *Dicionario da Real Academia Galega* ao programa EDIC

A idea é transvasar os datos da nova edición do *Dicionario da Real Academia Galega* da que se falou anteriormente a unha base de datos, que facilite a estrutura-

ción da información, a revisión no futuro, a edición electrónica e a súa posta en rede.

Para isto elaborouse o software necesario, que permite:

- traballar na propia redacción do dicionario
- levar a cabo a súa actualización
- a visualización do lemas para a súa consulta en Internet

Os pasos dados neste proxecto durante o ano 2007 foron:

- instalar o programa EDIC
- testar o seu funcionamento e adaptalo ás características específicas do dicionario da RAG
- comezouse a envorcar os datos do dicionario da Real Academia Galega a este sistema.

O proceso de baleirado realizouse en varias fases:

- a) Nun primeiro momento procedeuse ao transvasamento das entradas redactadas ata o 31 de decembro de 2006.
- b) A segunda fase consistiu na depuración e corrección dos datos introducidos antes do ano 2007.
- c) A terceira fase consistiu na introdución neste sistema das entradas redactadas ata outubro do ano 2007, e na corrección das entradas xa incorporadas na etapa anterior, que sufriron algunha modificación no curso deste ano, como consecuencia de: nova distribución de acepcións, engádega dalgunha nova acepción, ou modificación dos sinónimos e antónimos como consecuencia da incorporación de novas entradas ou de novas acepcións.
- d) Neste momento continúaase coa incorporación de novas entradas e novas acepcións.

3. O proxecto de *Dicionario bilingüe galego-alemán* a través da web: primeira fase.

Comezouse a redacción e a posta en rede dun produto “beta” provisional do dicionario bilingüe galego-alemán, redactado por un equipo dirixido polo catedrático da Universidade de Heidelberg Jens Ludtke.

Comezouse pola redacción no sentido galego-alemán, de acordo cos seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar procedeuse á selección de entradas que se ían redactar nesta primeira fase para a elaboración da versión beta, e que se irán incrementando en anos sucesivos.
- b) A estrutura básica de cada artigo lexicográfico, dependendo da súa natureza e características é a seguinte:
 1. Lema ou entrada do artigo lexicográfico.
 2. Superíndice, no caso de entradas homógrafas, para distinguilas.
 3. Pronunciación, cando pode haber algunha dúbida pola existencia de grafemas que poden representar fonemas distintos (casos de *e*, *o*, *x*, etc.).

4. Aceptións. Cada aceptación vai separada por unha barra oblicua e leva:
 - 4.1. A categoría gramatical en galego
 - 4.2. Un indicador semántico que a identifique, cando é pertinente
 - 4.3. Os equivalentes en alemán
 - 4.4. A categoría gramatical de cada equivalente en alemán
 - 4.5. As construcións gramaticais en alemán.
5. A fraseoloxía relacionada coa entrada.
6. Cando é necesario, introdúcense observacións de distinto signo, sexan de carácter gramatical ou de carácter semántico.

- **Seminario de Sociolingüística** creado en 1990.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

1. Publicación do vol. 1 da actualización do MSG

Publicouse o primeiro volume da actualización do Mapa sociolingüístico de Galicia, referido ao estudo da lingua inicial e da competencia lingüística en Galicia:

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.); M. RODRÍGUEZ NEIRA (coord.), et al.: *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 1: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

2. Análise dos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004 (MSG-04)

Realizáronse análises estatísticas univariantes, bivariantes e multivariantes sobre as variables referidas á lingua habitual, lingua da escrita, lingua da lectura e lingua interna. Ademais afondouse no cambio de lingua, nos usos lingüísticos na familia, nos usos lingüísticos na escola e no ámbito laboral. Elaboráronse gráficas, táboas de resultados e comentarios dos mesmos. Tamén se compararon os resultados obtidos no MSG-04 cos do MSG-92, co obxecto de analizar a evolución destas variables sociolingüísticas nesta duodécada.

3. Redacción do segundo volume do MSG-04: *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004: Usos lingüísticos en Galicia*

Despois da análise e reflexión sobre estes datos procedeuse á redacción do segundo volume do MSG-04: *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004: Usos lingüísticos en Galicia* tendo en conta os datos e resultados máis significativos.

4. Creación, deseño e posta en rede dunha páxina web sobre a base de datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia do 1992 (MSG-92)

Deseñouse unha páxina web de consulta interactiva na que se pon á disposición de todos os internautas os datos do MSG-92. Os usuarios poderán facer consultas dinámicas referidas a todos os aspectos estudados no MSG-92.

5. Informe sobre a situación sociolingüística do concello de Redondela

Ante a petición realizada polo concello de Redondela sobre unha análise da súa situación sociolingüística, o Seminario de Sociolingüística da RAG realizou un informe centrado no datos do volume I do MSG 04 referidos ao tramo de 20.001 a 50.000 habitantes (Redondela foi un dos concellos nos que se realizaron enquisas dentro dese tramo). Tamén se lle adiantaron datos referidos aos usos lingüísticos.

6. Informe sobre a situación sociolingüística do contorno do CEIP A Rúa (Cangas) Respondeuse ao pedimento realizado polo ENL do CEIP A Rúa (Cangas), verbo dos datos sociolingüísticos dispoñibles sobre o seu contorno. Elaborouse un informe cos datos do MSG-04 sobre o conxunto de Galicia. Este centrouse na situación do grupo de idade de 15 a 24 anos, e nas dimensións da lingua inicial e das competencias bilingües.

7. Informe para a Mesa de Normalización Lingüística.

Este organismo fixo unha solicitude de datos máis detallados relacionados cos aparecidos no volume I do *Mapa Sociolingüístico de Galicia: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia 2004*. A demanda centrábase nos datos urbanos da lingua inicial no tramo de idade máis novo.

8. Informes para La Voz de Galicia/Axencia Efe

Estes medios de comunicación interesáronse nos principais datos que se podían extraer do volume I do *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*.

9. Participación en libro colectivo

Realizouse o estudo “Language Use and Language Attitudes in Galicia” para o libro: D. Lasagabaster and A. Huguet, *Multilingualism in European Bilingual Contexts*. O estudo foi realizado por X. Loredo Gutiérrez, A. Fernández Salgado, I. Suárez Fernández e H. Casares Berg.

- **Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMIGAL)**, creado en 1996.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

1. Informes, traducións e revisión de traballos.

1.1. Elaborouse un informe solicitado pola Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega sobre: a) os materiais e textos existentes de linguaxes de especialidade; e b) as necesidades que existen neste campo. Informe que consta de catro partes:

1. Publicacións terminolóxicas con participación de Termigal.
2. Áreas de especialidade nas que se está a traballar en Termigal neste momento.
3. Áreas de especialidade de traballo terminolóxico que parecen prioritarias para o galego.
4. Recursos bibliográficos de carácter terminolóxico existentes en Termigal.

1.2. Realizouse un amplo número de traducións, correccións e revisións de obras técnicas, de divulgación, vocabularios de especialidade, localización de produtos informáticos, etc., como:

Tradución dos números 16, 17 e 18 da publicación “A voz do Porriño”.

Tradución de documentos de índole diversa (contratos, documentación interna, etc.) vinculados á empresa AstraZeneca e á Academia de Farmacia.

Revisión lingüística de diversos documentos do Colexio de notarios.

Revisión lingüística e terminolóxica da versión galega do sistema operativo Windows Vista e do paquete ofimático Office 2007, que consistiu na elaboración dun glosario inicial de termos, creación dunha base de datos terminolóxica baseada nas referencias utilizadas na versión anterior e na revisión e corrección de aproximadamente 1.000 capturas de pantalla, 50.000 cadeas de texto e 290.000 palabras. A partir dos datos obtidos na revisión realizouse unha avaliación do produto atendendo á calidade lingüística, terminolóxica, ortográfica e á coherencia interna e externa do produto.

Revisión e corrección dos vocabularios realizados e editados por TERMIGAL co obxectivo de poñelos en rede como base de datos terminolóxica. Esta tarefa consistiu na corrección ortográfica e adaptación aos cambios na normativa do *Vocabulario multilingüe de acuícultura*, *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*, *Vocabulario de artes gráficas*, *Dicionario galego de televisión*, *Léxico panlatino do comercio electrónico*, *Léxico de transporte turístico*, *Léxico do medio*, *Vocabulario de telecomunicacións*, *O nome e o símbolo dos elementos químicos*, e do glosario recollido en *Formularios notariais*. Analizouse a estrutura informática requirida, adaptouse cada formato orixinal ao dunha base de datos, unificáronse os campos e as abreviacións de linguas, fontes e categorías utilizadas, engadíronse as categorías gramaticais nos vocabularios que faltaban e redactouse a información de presentación.

Revisión e corrección dos vocabularios realizados por terceiros co obxectivo de darlles visibilidade tamén a través de Internet como

base de datos terminolóxica. Esta tarefa consistiu na revisión ortográfica de certo número de vocabularios baleirados.

Segunda revisión do *Léxico de avaliación de linguas*, do proxecto de Avaliación e aprendizaxe de galego do Centro Ramón Piñeiro.

Revisión dun *Dicionario galego de termos económicos*, que consistiu na corrección lexicográfica das definicións introducidas polos especialistas.

Revisión lingüística dunha colección de léxicos do Servizo de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), que inclúen: *Glosario para negociacións colectivas*, *Glosario de prevención de riscos laborais*, *Glosario da construción* e *Glosario sectorial de pesca*.

Revisión lingüística e terminolóxica de termos pertencentes ao campo da medicina procedentes do proxecto IANUS.

2. Resolución de consultas lingüísticas

Este servizo continuou co ofrecemento de axuda na resolución de consultas terminolóxicas que chegan por vía telefónica, por fax ou por correo electrónico diariamente.

O volume de traballo desta sección de terminoloxía puntual continúa crecendo cada ano máis, e durante o 2007 foi a tarefa que esixiu unha maior dedicación de recursos humanos por parte de Termigal.

A orixe destas consultas é variada, algo que se xustifica pola condición pública deste servizo. Os principais usuarios do servizo foron, por orde decrecente, diversos organismos dependentes da Xunta de Galicia, tradutores particulares e empresas de tradución, Servizos de Normalización Lingüística, tanto de concellos como de institucións privadas, etc.

Os ámbitos científicos que presentaron un maior volume de traballo foron a Botánica e a Zooloxía, as distintas Industrias (madeira, metalurxia, artes gráficas), as Ciencias da Terra e do Medio (Ecoloxía, Medio, etc.), a Alimentación, gastronomía e hostalaría e a Economía e a Empresa.

Enviáronse distintos informes sobre a bibliografía existente en determinados campos temáticos, como por exemplo, deportes, mecánica, empresa, alimentación, etc.

Continuouse a reorganización da base de consultas coa creación dunha lista definida de categorías gramaticais, corrección de tecnolectos, unificación de versións anteriores da base e recuperación de fichas antigas que non estaban introducidas na base. Tamén se revisaron fichas terminolóxicas antigas co obxectivo de mellorar a súa calidade e adecuación.

3. Documentación.

Realizouse un inventario exhaustivo do fondo bibliográfico existente na biblioteca de TERMIGAL, que ascende a 2.000 libros, co obxectivo de crear un repertorio informatizado que permitise axilizar tanto a elaboración de informes bibliográficos como a catalogación dos termos da base de datos de consultas. Tamén se actualizou o fondo bibliográfico con novas publicacións terminolóxicas que saíron ao mercado.

4. Elaboración de léxicos específicos.

No ano 2007 as bases de datos traballadas como embrión de futuros léxicos e vocabularios bilingües e plurilingües foron as seguintes:

Elaboración da parte galega do *Vocabulario multilingüe da SIDA*, realizado dentro da Rede Realiter, e coordinado por Termcat. Este vocabulario contén 430 termos especializados.

Colaboración no proxecto de harmonización de sinais de tráfico europeos realizados no marco do proxecto IN-SAFETY, coordinado por INFO-TERM.

Elaborouse a adaptación ao galego das unidades físicas do sistema internacional.

Continúa o proceso de elaboración terminolóxica do *Léxico da empresa*.

Realizouse o *Vocabulario da restauración*, practicamente concluído e pendente de revisión por parte da Comisión de validación.

Continúa o proceso de elaboración do Léxico de oficios e profesións, que consta actualmente con 2.800 entradas.

Continúan os traballos de elaboración da terminoloxía do automóbil.

Continúase traballando na elaboración do vocabulario da música.

Continúa o baleirado dunha base de datos de Taxinomía de coníferas, que consta actualmente de 4.300 termos e equivalentes nas principais linguas peninsulares xunto con inglés, francés e alemán.

Preparáronse diversos trípticos referidos a áreas temáticas concretas (comidas do mundo, especias e condimentos, utensilios de cociña, froitas exóticas e tropicais) co obxectivo de difundir a terminoloxía específica destes campos.

5. Participación en Congresos

Participación de dous bolseiros no congreso: *Terminología, Traducción y comunicación especializada. Homenaje a Amelia de Irazábal* en Verona (Italia) os días 11 e 12 de outubro de 2007, no que presentamos a comunicación: “*Colocaciones y diccionarios terminológicos*”.

- **Seminario de Gramática**, creado no ano 2000.

Directora: Dna. Rosario Álvarez Blanco.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Real Academia Galega.

Traballos desenvolto:

Durante o ano 2007 continuaron os traballos de redacción da *Gramática Galega*, co mesmo equipo e na liña descrita en anteriores informes. Os criterios foron expostos en “Entre o uso e a norma. O proxecto de *Gramática da Real Academia Galega*”, en R. Álvarez / H. Monteagudo [2004]: *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: CCG/ILG. As eloxiosas recensións dese programa anímannos a pensar que esa é a liña correcta (véxase, a modo de exemplo, a recensión de M. A. Pradilla Cardona, *Estudis Romànics* XXIX, 2007, 303-399); por iso, ademais de avanzarmos na redacción das distintas partes, nalgúns casos cumpriu reorientar anteriores redaccións para darlles unha formulación máis descritiva do uso e máis enfocada á resolución de dúbidas respecto da aceptabilidade, adecuación ou corrección.

Como se di máis arriba, a *Gramática* da RAG, descritiva do galego estándar, debe informar asemade sobre a corrección lingüística e orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística. Diríxese a un público amplo con certo nivel cultural, como correspondente aos usuarios de gramáticas en todas as sociedades, ao que debe informar sobre novas formas de expresión e sobre a corrección lingüística, ao tempo que explica como é e como se comporta a lingua. Por iso, cómpre tratar con frecuencia con variantes lingüísticas e non de raro pronunciarse, seleccionando ou acollendo por igual, entre as máis coñecidas. A falta de estudos previos sobre os que basear pronunciamentos delicados fai que os membros do equipo dedicasen unha grande parte do seu tempo á realización de estudos particulares, con córpora de datos reais, do tipo “distribución e posición no sistema de *acó/acá, aló/ala*”, “uso de *a* no CD en distintos tipo de construcións verbais”, “morfoloxía dialectal do diminutivo”, “distribución de con nós e connosco”, “uso de *eu/n in tras entre*, na fala e na literatura”, “*cara a arriba* ou *cara arriba*”, “condicións de uso de grande ante substantivo”, “estatus de *elo*”, etc.

O equipo participa no desenvolvemento dunha base de datos que contén a descrición semántica e sintáctica dos verbos galegos máis frecuentes, que foi arrequeitada en 2007 coa análise do corpus de novos verbos (*vid. supra*). Con independencia do resultado final e da súa presentación, que serán obxecto dun proxecto específico distinto do actual, esta base de datos proporciona xa aos investigadores unha fonte de información moi valiosa sobre diferentes

aspectos da sintaxe oracional, como o estudo de constituíntes particulares, a súa orde, combinatoria e características formais. A medida que estoutro proxecto vai dando novos resultados, incorpórase á redacción da gramática enriquecendo as partes correspondentes.

- **Seminario de Onomástica**, creado en 2001.

Director: D. Antón Santamarina Fernández.

Financiamento: Real Academia Galega.

Traballos desenvoltos:

Esta Comisión, a través do membro da comisión e académico de número, D. Xesús Ferro Ruibal, elaborou numerosos informes solicitados por institucións xurídicas e particulares, referidos, os máis deles, a establecer a forma galega correcta dun nome ou dun apelido, entre os que figuran: Albela, Alejandro, Núñez, Alba, Calviño, Anta, Axeitos, Dopico, Dourado, Héctor, Helena, Iria, Jamardo, Xusto, Maixa, Manel, Noia, Pepe, Recarei, Santi, Santiso, Teijido, Xavier, Xele, Xenevra.

- **Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia**

Creados en 1993.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Colaboración: Universidade de Santiago de Compostela

A Vixésima edición dos Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia desenvolveuse en Santiago desde o día 3 de xullo ao 28 de xullo de 2007. As actividades académicas tiveron lugar nas Facultades de Xeografía e Historia e na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago.

Nesta edición participaron 132 alumnos e alumnas, procedentes dos seguintes países: Alemaña, Armenia, Arxentina, Bélxica, Brasil, Bulgaria, Chile, Colombia, Cuba, Escocia, Eslovaquia, Estados Unidos, España, Finlandia, Francia, Gales, A India, Inglaterra, Irlanda, Italia, Marrocos, México, Perú, Polonia, Portugal, República Checa, República Moldava, Romanía, Rusia, Serbia, Suíza, Ucraína, Venezuela e Xapón.

O día 3 de xullo, data de chegada dos estudantes, realizáronse as probas para a asignación de nivel, procedeuse á distribución definitiva dos grupos de cada nivel, e aboáronse as bolsas aos alumnos e alumnas aos que lles foron concedidas. Pola tarde, o profesorado das clases prácticas de cada grupo fixo un per-

corrido pola cidade cos estudantes para darlles a coñecer os lugares e monumentos máis significativos da cidade.

O día 4, despois das clases teóricas, tivo lugar ás doce da mañá o acto oficial de apertura dos cursos no Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago. Neste acto tomaron parte a Sra. Secretaria Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (Dna. Marisol López Martínez), o Presidente da Real Academia Galega (D. Xosé Ramón Barreiro Fernández), o Vicerreitor de Relacións Institucionais da Universidade de Santiago (D. Lourenzo Fernández Prieto) a Directora do ILG (Dna. Rosario Álvarez) e o Director dos cursos (D. Manuel González González).

As actividades leváronse a cabo de acordo co programa seguinte:

— de 9:30 a 11:30 horas: clases teóricas

— de 12 a 13:15 horas: conferencia sobre algún tema de cultura galega

— de 16 a 18 horas: clases prácticas

A partir das 18 horas desenvóléronse actividades extraacadémicas con carácter voluntario (visitas a museos, exposicións, monumentos, proxeccións cinematográficas e de vídeo, asistencia a concertos, actividades deportivas...).

As conferencias sobre distintos aspectos da xeografía, historia, etnografía, lingua e literatura galegas foron pronunciadas polos seguintes profesores, seguindo a súa orde de intervención:

Dna. Fina Casalderrei

D. Bieito Iglesias

D. Modesto Hermida

D. Marcial Gondar Portasani

D. Augusto Pérez Alberti

D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

D. Xosé Luís Axeitos Agrelo

D. Manuel Rico Vereá.

D. Xesús Alonso Montero

D. Xosé Manuel Salgado Rodríguez

Realizáronse tres excursións de xornada completa:

- a) A primeira á Noia, Muros, Carnota, e costa da Morte (con visita a Corcubión, Fisterra, e Muxía).
- b) A segunda, de carácter campestre, e enfocada principalmente cara ao contacto directo coa natureza, foi ás fragas do Eume e a Pontedeume.
- c) A terceira á cidade de Pontevedra (con visita ao Museo e percorrido pola cidade vella), Combarro, Sanxenxo, A Toxa e Cambados.

Actividades extraacadémicas:

- a) Visitas aos lugares máis emblemáticos da cidade e aos seus museos e monumentos.
- b) Partidos de fútbol e baloncesto no Pavillón Universitario.
- c) Asistencia a distintos concertos e exposicións artísticas e culturais.
- d) Xantar campestre de confraternización ao aire libre no “Refuxio” de Sigüeiro, con actividades de integración e festival de cancións, no que participaron todos os estudantes agrupados por países.

O acto de clausura tivo lugar o día 27 de xullo, despois da revisión dos exames e da cumprimentación das enquisas de avaliación, no salón de actos da Facultade de Filosofía, e nel participaron a Secretaria Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (Dna. Marisol López Martínez), o Presidente da Real Academia Galega (D. Xosé Ramón Barreiro Fernández), o Vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social da Universidade de Santiago (D. José M. Mayán Santos), o Secretario do ILG (D. Xulio Sousa) e o director dos Cursos (D. Manuel González González). Neste acto fíxose entrega dos diplomas de asistencia aos alumnos e alumnas, e dos diplomas de capacitación aos que superaron as probas establecidas para cada nivel.

Non se produciron incidencias negativas dignas de mención, e nas enquisas realizadas ao finalizaren os cursos, os alumnos mostraron un alto nivel de satisfacción.

Ao remataren os cursos enviouse unha relación dos estudantes que obtiveron o diploma de aptitude en lingua galega nos distintos niveis á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia para os efectos de recoñecemento establecidos pola lexislación pertinente.

II. Sección de Historia, creada en 1998.

Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Financiamento: Real Academia Galega.

Traballos desenvoltos:

O profesor Barreiro Fernández, director desta sección, acaba de entregar na imprenta a monumental biografía de D. Manuel Murguía, primeiro presidente da Real Academia Galega, unha obra chamada a ser unha referencia inevitable na xa extensa bibliografía dedicada a un dos arquitectos da historiografía galega.

O autor da obra cedeu xenerosamente os dereitos da primeira edición da obra á Real Academia Galega.

Tamén está no prelo o tomo III (Cartas a Murguía) da monumental correspondencia do noso primeiro historiador. Son un total de catrocentas cartas que corresponden á última etapa da súa vida.

Réstalles ós editores, X. R. Barreiro e X. L. Axeitos, o tomo relativo ás cartas familiares que intercambiaron os distintos membros da familia.

III. Sección de Literatura, creada en 1998.

Director: D. Xesús Alonso Montero.

Financiamento: Real Academia Galega.

Traballos desenvolto:

En breve sairá do prelo un novo volume da colección *Letras da Academia* que recolle a obra poética de D. Antonio de la Iglesia. A edición da mesma é responsabilidade da profesora Saurin de la Iglesia.

Deseguida acometerase un ambicioso proxecto para esta colección que contará coa colaboración dunha acreditada Fundación galega. Contempla o devandito proxecto a publicación dos numerosos inéditos que custodia a Academia e que se encargarán a distintos especialistas.

Biblioteca e Hemeroteca

Creadas en 1905.

Director: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo.

Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Traballos desenvolto na Biblioteca e Hemeroteca:

1. Rexistro informatizado dos fondos bibliográficos que foron chegando ao longo do ano.
Doazón: 733 volumes
Intercambio: 395 volumes
Compra: 374 volumes
2. Xestión dos diversos donativos efectuados dende a biblioteca a distintas institucións que así o solicitan con dous claros obxectivos:
 - 2.1. Solidariedade con estas institucións.
 - 2.2. Liberación de espazo útil nas nosas instalacións, posto que constitúe unha vía de saída para os numerosos fondos repetidos cos que contamos.
No ano 2007 foron doados 492 volumes
3. No capítulo de saídas temporais de fondos destacamos a achega bibliográfica para as seguintes exposicións: *Exposición Centenario Gran Hotel Hesperia La Toja*, organizada por esta entidade; *Cento cincuenta anos da Facul-*

tade de Farmacia (USC) organizada pola Universidade de Santiago de Compostela; e *A nosa voz. Cen anos de himno*, organizada pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.

4. No apartado da catalogación e informatización dos fondos salientamos:
 - 4.1. Incorporación de 900 volumes de monografías ao catálogo.
 - 4.2. Rematouse coa catalogación da sección de publicacións periódicas cerradas non galegas situada nunha das salas do soto.
Así pois queda rematada a catalogación retrospectiva da hemeroteca.
5. Continuouse coa informatización dos primeiros libros de rexistro da biblioteca. Na actualidade estase a traballar co volume terceiro (dun total de catro).
6. Xestión da base de datos de intercambios de publicacións entre diversas entidades.
7. Revisión das distintas dependencias da biblioteca co obxecto de detectar posibles publicacións periódicas con destino a hemeroteca.
8. Actualización do Índice en versión informática do *Boletín da Real Academia Galega*.
9. Atención de usuarios (consultas telefónicas, por correo electrónico ou na propia sala de lectura):
 - 9.1. Información bibliográfica.
 - 9.2. Consulta e reprodución de fondos segundo a normativa. Este ano consultáronse 493 obras e realizáronse un total de 281 pedimentos de reprodución.
 - 9.3. Tratamento informático destes datos de consulta e reprografía.
Segue a incrementarse a consulta a distancia, tanto telefónica como por correo electrónico.

ARQUIVO

Creado en 1905.

Director: D. Xosé Luís Axeitos Agrelo.

Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Traballos desenvoltos:

1. Cadro de clasificación do arquivo da RAG para a súa inclusión no sistema de xestión automatizada ALBALA como elemento fundamental de descrición.
2. Implantación do programa de xestión arquivística ALBALA que permite o acceso –vía web– aos fondos da RAG.

3. Inventario do arquivo e do patrimonio artístico da RAG.
4. Mantemento e actualización da información do Arquivo cara ao exterior (páx. web, censo-guía, Xunta...).
5. Bases de datos coa información dos expedientes de doazóns e depósitos existentes desde 1906.
6. Descrición dos fondos documentais: Jesús Rodríguez López, Marcial del Adalid, E. Abente y Lago e remate do de Pardo Bazán.
7. Descrición dos fondos fotográficos: Samaniego, González de las Heras, Taracido Veiga, Villar Ponte, Mato Vizoso, Rey Escariz, Bouza-Brey, Colección RAG.
8. Ordenación e descrición das novas coleccións da RAG: Pardo Bazán, Rosalía de Castro e Francisca Herrera Garrido.
9. Creación e desenvolvemento da colección efémera. Nace dunha serie de pezas soltas, en principio ordenadas cos criterios da Biblioteca Nacional para o material menor. Deste xermolo nace a colección efémera que neste momento é unha colección aberta na que os ingresos son, na súa maioría, por compra. Comprende: felicitacións e recordatorios, menús, invitacións, homenaxes, tarxetas e prospectos comerciais, calendarios, programas, etiquetas e envoltorios, cromos, etc.
10. Instalación dos pergamiños restaurados en material de conservación libre de ácido.
11. Novas adquisicións: un total de 31 compras e 19 doazóns nas que destacan:
 - Compra:
 - Fondo Abente y Lago (dúas entregas).
 - Fondo A. del Castillo.
 - Fondo fotográfico Samaniego (100.000 fotografías en diferentes formatos: vidro, plástico, papel).
 - Facturas, cartas mercantís, publicidade, etiquetas, cromos, accións antigas, carteis... de interese galego.
 - Doazón:
 - Reproducción de 15.000 papeletas do Fondo de Dámaso Alonso sobre a lingua dos Oscos doado pola RAE.
 - Etiquetas de viños das adegas galegas doados polas propias adegas.
 - Ms. de Murguía por J. J. Casal Prado.
12. Outras tarefas comúns:
 - Atención ao usuario: presencial, telefónica, postal e correo electrónico.

Control ambiental do depósito do arquivo.

Atención aos pedimentos dos académicos.

Xestión das reproducións.

Mantemento das bases de datos e das coleccións.

13. Estatísticas: un total de 97 usuarios, que, na súa maioría, visitaron o Arquivo pola mañá excepto en febreiro e abril en que houbo máis usuarios durante a tarde.

CONVENIOS, ACORDOS E CONTRATOS

Durante o ano 2007 a Real Academia Galega asinou unha serie de convenios de colaboración con distintas entidades co fin de desenvolver proxectos concretos:

Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para o mantemento do Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega.

Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para a organización da vixésima edición dos Cursos de verán de lingua galega para estranxeiros.

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para traballos de lexicografía e da gramática galega.

Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para darlle continuidade ao equipo de traballo sociolingüístico.

Convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a informatización da biblioteca e o arquivo.

Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Real Academia Galega para a produción de servizos e contidos web de interese galego.

Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia e a Real Academia Galega para a elaboración do *Dicionario Enciclopédico Galego das TIC*

Financiamento da edición do *Boletín da Real Academia Galega*, pola Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones, S. L.

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para o financiamento das actividades do ano 2007.

Acordo de colaboración entre Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a Real Academia Galega para contribuír ao financiamento da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

Subvención da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a realización dos seus traballos a prol da normalización lingüística do idioma galego.

CONTRIBUCIÓN ECONÓMICAS

Ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ao desenvolvemento da súa actividade diaria dos seguintes organismos:

Ministerio de Educación y Ciencia. Secretaría de Estado de Universidades e Investigación (subvención destinada a financiar as actividades e funcionamento da Real Academia Galega).

REPRESENTACIÓN DA RAG

- Consello da Cultura Galega.
- Consello de Comunidades Galegas.
- Consello Social da Lingua Galega (Concello de Vigo).
- Fundación Cidade da Cultura.
- Instituto da Lingua Galega.
- Padroado da Biblioteca do Real Consulado.
- Padroado da Biblioteca Nacional.
- Padroado da Fundación Caixa Galicia.
- Padroado da Fundación Carlos Casares.
- Padroado da Fundación Castelao.
- Padroado da Fundación Curros Enríquez.
- Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruiopérez.
- Padroado da Fundación Luís Seoane.
- Padroado da Fundación Manuel Curros Enríquez.
- Padroado da Fundación Rosalía de Castro.
- Padroado do Museo do Pobo Galego.
- Padroado da Fundación Camilo José Cela.
- Padroado da Fundación Otero Pedrayo.
- Padroado da Fundación Manuel Puente “Cultura Gallega” de Buenos Aires.

PREMIOS NOS QUE A RAG TEN REPRESENTACIÓN COMO XURADO

- Premio Antón Losada Diéguez.
- Premio das Letras e das Artes de Galicia.
- Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres.
- Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo.
- Premio Antonio López Ferreiro de Investigación Humanística e Premio para Investigadores Mozos (área de humanidades) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación.
- Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

- Arquivo do Reino de Galicia.
- Asociación de Escritores en Lingua Galega.
- Caixa Galicia.
- Caixanova.
- Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Concello da Coruña.
- Consello da Cultura Galega.
- Fundación Caixa Galicia.
- Fundación Luís Seoane.
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Fundación Rodríguez Iglesias.
- Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.
- Grupo Radio Televisión de Galicia.
- Hércules de Ediciones
- Instituto da Lingua Galega (ILGa).
- Museo de Pontevedra.
- Universidade da Coruña.
- Universidade de Santiago de Compostela.

DOAZÓNS, DEPÓSITOS E ADQUISICIÓNS

O 23 de xaneiro, Dna. Mercedes Tella doa á Real Academia Galega dous pratos da vaixela do barco “Azor”, pertencente a Francisco Franco Bahamonde.

O 17 de abril de 2007, D. Luís Enrique Naya Castiñeiras doa á Real Academia Galega un busto en bronce da autoría do escultor Escudero, do que foi membro da Institución e arquivista-bibliotecario durante case cincuenta de anos, D. Juan Naya Pérez.

O 3 de setembro de 2007, D. Juan Manuel Pintos del Río doa, á Real Academia Galega, unha fotografía histórica de D. Manuel Pintos.

O 12 de setembro de 2007, D. Ernesto López Naveiras, Presidente da Agrupación Instructiva de Caamouco doa, á Real Academia Galega, dous exemplares da revista *Tenencia* e 2 DVD co seguinte contido:

Memorias dunha Vila. Porto de redes (1910-1958)


Charlas – Renovación Escola Galega Século XX – Viveristas de La Habana.

O 25 de outubro de 2007, D. Juan Jacobo Casal Pardo doa, á Real Academia Galega, un manuscrito orixinal de Manuel Murguía, formado por dezaioito páxinas.

O 17 de decembro de 2007, Dna. María Casás Torres doa, á Real Academia Galega, varios libros dos autores rusos Leon Tolstoi e Fiódor Mijáilovich Dostoievski así como diverso material fotográfico e documental.

PUBLICACIÓNS

- Martínez López, R. *Contribucións norteamericás á historia da cultura medieval galega*. A Coruña: RAG, 2007.
Discurso de ingreso.
- González González, M. (dir.), *MAPA sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. I: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: RAG, 2007.



MONSEÑOR MIGUEL ANXO ARAÚXO (20-I-1920 / 22-VII-2007)

Andrés Torres Queiruga

O 24 de xullo de 2007 celebrábanse na parroquia salesiana de Ourense as exequias por Mons. Miguel Anxo Araúxo Iglesias. Membro numerario da nosa Academia desde 1978, levaba varios anos retirado, despois de ter sido aceptada por motivos de saúde a súa dimisión como bispo de Ferrol. Nacera en 1920 e fora consagrado bispo en 1970.

Galeguidade

Non pertencía por casualidade á Real Academia Galega, igual que non fora casualidade a discordia civil coas autoridades predemocráticas xa na mesma cerimonia litúrxica da súa consagración episcopal. Fillo de nai labrega e de pai emigrante, quixo desde o primeiro momento deixar constancia de que el era un bispo galego en Galicia. Uns versos do seu irmán Amando, tamén sacerdote, foron o desencadeante principal:

Galicia crucificada,
todo o corpiño a sangrar
polas feridas das rías
os cravos de pés e mans.
Xungue o seu sacrificio
co de Cristo no Altar,
e agarda ó terceiro día
pra con El resucitar.

Escándalo para uns, eran nel un signo evanxélico que marcaría a dirección do seu episcopado. Iría explicitando máis tarde a súa decisión, fundándoa, de maneira xusta e explícita, na lei fundamental do cristianismo: a *encarnación* na vida real.

No nivel máis espontáneo, aclarouno en diversas ocasións. “Si lle falo á miña nai ou lle falaba ao meu pai en galego, esa mesma lingua tenme que servir para falar con Deus que, ao cabo, é o noso pai tamén”, dicíalle a Víctor Freixanes en 1976 (*Unha ducia de galegos*). Confirmaríao anos máis tarde: “A miña galeguidade xúlgoa normal, corresponde a toda persoa nacida en Galicia [...] Pero ser galego e non exercer de galego, polo menos para min, sería unha esquizofrenia mental e cordial. E aínda máis, para un cristián sería ou é un pecado contra o misterio da encarnación” (*Memoria de vida*, 1993).

Non era unha improvisación, debida acaso ao entusiasmo inicial da nova etapa. Obedecía, pola contra, a un estilo asumido e asimilado no seu labor de formador de seminaristas, no seu traballo pastoral e nas súas colaboracións xornalísticas. Proba e confirmación excelente foron as súas fondas e cordiais amizades, nun tempo de creación auro-

ral na cidade das Burgas: Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, de quen foi humanísimo profesor. “Todos deixaron o seu selo en min, e entre todos [...] atopei Galicia”, comentaría nas súas memorias (1993).

O idioma

Non foi, pois, estraño que, xa bispo de Ferrol, en estreita colaboración cos seus sacerdotes, elevase a rango de reflexión sistemática, pastoral e teolóxica, a defensa do idioma. Fíxoo nunha carta pastoral xustamente famosa: “A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega” (1975), moi consciente da seriedade e das dificultades da cuestión. Pero, tomando a serio a súa transcendencia, non cede ao silencio cómplice, e afirma sen voltas a súa intención: “Unicamente quero deixar aquí testemuño de que non hai outras motivacións [...] que a miña fidelidade á fe cristiá e á miña misión apostólica entre vós. Se algún me xulga doutro xeito, alá a súa conciencia”. Insiste nas fondas razóns históricas, sociolóxicas, e sobre todo antropolóxicas que fan grave e urxente o problema: “A situación presente é grave, non só observada baixo o prisma da ameaza á sobrevivencia maioritaria da lingua no próximo futuro, se as cousas non mudasen. A súa verdadeira gravidade reside nas consecuencias que hoxe mesmo está xa orixinando a nivel antropolóxico, ou sexa, os efectos que produce nas persoas que constitúen a comunidade falante galega”.

Dado que o atraso na publicación deste *in memoriam* de Mons. Araújo fai que apareza nun momento crucial para o problema da normalización socio-política do noso idioma, considero que estenderse neste non é ningunha instrumentalización das súas palabras. Constitúe máis ben fidelidade á súa intención auténtica, e pode representar un servizo á clarificación serena nun tema estrañamente confuso e escuramente propicio á manipulación. Cito, pois, por extenso:

Por fidelidade á nosa fe cristiá, sentímonos obrigados en conciencia, por unha parte, a denunciar como inxusto o estado de desfavor social no que se ten relegada a lingua galega; e por outra parte, a exhortar ó home galego a que tome conciencia da súa propia riqueza espiritual e a que adopte unha actitude de reconciliación consigo mesmo. Desde a nosa condición de cristiáns, consideramos aberrante o exclusivismo do castelán en tódolos ámbitos da vida social de Galicia.

Ó mesmo tempo, non podemos esquecer que o galego non é, como xa vimos, a única lingua materna da poboación galega; hai unha minoría que ten como idioma materno o castelán, e que en xusticia non pode ser preterida baixo ningún motivo. Se pretendésemos imporlles a lingua da maioría, estaríamos caíndo no mesmo crime cometido ata agora contra os falantes galegos.

A solución xusta e razonable consiste, ó noso ver, en que a vida social de Galicia reflexe na súa vertente idiomática a proporción lingüística que se dá na realidade. Esíxese, pois, nos diversos sectores da vida pública unha estruturación bilingüe na que ó idioma galego lle corresponda o lugar de honra propio da lingua maioritaria da poboación. Tal estruturación bilingüe da sociedade galega contribuirá a un arriquecemento común dos dous gupos lingüísticos, e provocará unha renovada fecundidade cultural.[...]

Para que se acade o equilibrio idiomático que a xusticia esixe, é preciso que nas diversas facetas da vida social se dé acollida ó idioma galego na medida correspondente. En

primeiro lugar, a lingua galega debe ser recibida coa honra que lle corresponde no ensino público. Xulgamos positivo –e amosamos a nosa gratitude pública– que algunhas medidas recentes da Administración comencen a saír ó encontro desta esixencia, pero tamén consideramos necesario que ese camino se prosiga ata acadar o grado que é de razón e de xusticia.

En segundo lugar, háse de percurar a xusta proporción idiomática nos medios de comunicación de masas. Na radio e na televisión, a lingua galega ha de ter un emprego proporcional á vida real dos cidadáns ós que tales medios se dirixen. É verdade que nos últimos tempos aparecen indicios positivos neste senso. É preciso que este proceso se acelere ata acadar o grado que a realidade social postula. E finalmente, tamén na rama da vida social que se refere ás diversas esferas da Administración, o galego debe ser respetado como lingua do pobo ó que esa Administración está chamada á servir.

A chamada resulta tanto máis sincera, canto que o bispo-pastor non elude tampouco a responsabilidade da igrexa: “Con humildade temos que recoñecer que a Igrexa galega non está ceibe de complicidade con respecto á presente situación social da lingua galega”. Por iso insiste nunha chamada –que na medida correspondente vale para todas as diversas instancias sociais e, hoxe por hoxe, dun xeito moi especial para o noso goberno– á coherencia nunha praxe sincera, eficaz e adecuada: “O contrario equivalería a cair no fariseísmo denunciado por Cristo: falar dunha maneira e obrar doutra”.

Compromiso

Demasiadas veces se insiste no prexuízo ideolóxico de que a preocupación pola lingua constitúe na realidade un tema secundario, que mesmo pode desviar dos verdadeiros intereses e dos reais problemas de Galicia. Mons. Araúxo mostrou coa súa vida e a súa actuación como, moi pola contra, ambas as cousas, cando se viven con sinceridade e coherencia, son intimamente solidarias.

Será moi difícil, e desde logo imposible nos tempos modernos, atopar un bispo que, debido xustamente ao seu compromiso evanxélico cos problemas reais do seu pobo, fose atacado e calumniado con tanta e tan inusitada dureza, mesmo desde dentro dos que confesaban pertencer á súa igrexa.

O conflito orixinado na súa consagración foi preludeo dunha campaña que o perseguiría durante gran parte do seu goberno pastoral. Cabe afirmar que, nos tempos máis duros e comprometidos, el foi o bispo dos obreiros de Ferrol. Nun medio social intolerante e prepotente ata a impiedade, en 1972 el ergueu con voz valente e arriscada o “non matarás” bíblico ante as mortes dos obreiros Amador e Daniel nos conflitos da Bazán. E non dubidou en abrir as portas da catedral de Ferrol ás mulleres e nenos dos obreiros de MEGASA, despedidos inxustamente e en paro forzoso.

En 1975 tivo que sufrir o rexistro ilegal da mesma residencia episcopal na *Domus Ecclesiae* de Ferrol, polas sospeitas de esconder alí activistas da UPG, tras do asasinato de Moncho Reboiras. Durante meses, debeu soportar nas paredes da mesma casa escritos como “Araujo rojo, Araujo al paredón”. Foron tempos nos que entrar ou saír do bis-

pado podía converterse para el nunha aventura perigosa, numerosas noites asombradas por berros e insultos soeces, con manifesta complicidade das mesmas ‘forzas da orde’ que o deberían protexer.

Aceptada a súa dimisión, pasado –como el di– “á cofradía dos xubilados”, non converteu o seu retiro, humilde e silenciado, en niño de repouso ou en descanso descomprometido. Aumentou, se cabe, a súa actividade de escritos e conferencias, atento aos diversos problemas de Galicia. Abonda con repasar o índice da súa obra “Escritos cristiáns sobre problemas, personaxes e conflitos de Galicia” (1987), para se decatarse do seu interese por todo o que de verdade preocupa á nosa cultura, á nosa xente, ao noso país. Un libro –“guiado por esa dobre fidelidade: ó Evanxelio e a Galicia”– que aínda hoxe pode, e debería, ser obxecto de coidadosa meditación non só no ámbito da igrexa senón tamén no mundo secular.

Se os problemas non foron poucos, tamén é certo que a sociedade civil soubo recoñecer os seus méritos: Pedrón de Ouro, 1978; Medalla Castelao, 1988; Galego de hoxe, 1988; Premio Trasalba, 1989. A nosa Real Academia, lembrando a súa morte de crente cristián e bispo galego, séntese agradecida e orgullosa de o ter acollido como Membro Numerario en 1978.